XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Unión Europea-NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA — MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL

Xacobeo 21·22

Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior

CSPEA01

# Economía da empresa

Economía da empresa

# 1. Formato da proba

### Formato

- A proba consta de vinte cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

### Puntuación

- 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,10 puntos.
- Polas respostas en branco non se descontará puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

### Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

### Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.

# 2. Exercicio

## 1. Como se denomina a función do sector público que trata de subministrar bens e servizos que ou ben o mercado non provén ou ben faino de xeito inadecuado?

*¿Cómo se denomina la función del sector público que trata de suministrar bienes y servicios que o bien el mercado no provee o bien lo hace de forma inadecuada?*

**A** Función de asignación.
*Función de asignación.*

**B** Función de redistribución.
*Función de redistribución.*

**C** Función de estabilización.
*Función de estabilización.*

## 2. En relación ao mercado laboral, que datos son necesarios para calcular a taxa de desemprego?

*En relación al mercado laboral, ¿qué datos son necesarios para calcular la tasa de desempleo?*

**A** A poboación desempregada e a poboación total en idade de traballar.
*La población desempleada y la población total en edad de trabajar.*

**B** A poboación desempregada e a poboación activa.
*La población desempleada y la población activa.*

**C** A poboación desempregada e a poboación total.
*La población desempleada y la población total.*

## 3. Como se clasifica unha empresa de 150 empregados segundo o criterio do número de traballadores?

*¿Cómo se clasifica una empresa de 150 empleados según el criterio del número de trabajadores?*

**A** Empresa pequena.
*Empresa pequeña.*

**B** Empresa mediana.
*Empresa mediana.*

**C** Empresa grande.
*Empresa grande.*

## 4. Cal é o órgano de xestión e representación nunha sociedade anónima?

*¿Cuál es el órgano de gestión y representación de una sociedad anónima?*

**A** A xunta xeral de accionistas.
*La junta general de accionistas.*

**B** O consello reitor.
*El consejo rector.*

**C** O consello de administración.
*El consejo de administración.*

## 5. Unha modificación no tipo de xuro considérase un factor do:

*Una modificación en el tipo de interés se considera un factor del:*

**A** Contorno xeral da empresa.
*Entorno general de la empresa.*

**B** Contorno específico da empresa.
*Entorno específico de la empresa.*

**C** Contorno sectorial da empresa.
*Entorno sectorial de la empresa.*

## 6. Cal é a principal vantaxe das pequenas e medianas empresas con respecto ás empresas multinacionais?

*¿Cuál es la principal ventaja de las pequeñas y medianas empresas con respecto a las empresas multinacionales?*

**A** Flexibilidade de adaptación en procesos produtivos.
*Flexibilidad de adaptación en procesos productivos.*

**B** Facilidade para obter financiamento de xeito rápido.
*Facilidad para obtener financiación de forma rápida.*

**C** O aproveitamento das economías de escala.
*El aprovechamiento de las economías de escala.*

## 7. Sinale a resposta correcta en relación á organización informal:

*Señale la respuesta correcta en relación a la organización informal:*

**A** Fai referencia á estrutura intencional definida pola dirección da empresa.
*Hace referencia a la estructura intencional definida por la dirección de la empresa.*

**B** Fai referencia ás empresas sen organización interna por áreas funcionais.
*Hace referencia a las empresas sin organización interna por áreas funcionales.*

**C** Fai referencia ás relacións persoais non establecidas pola dirección da empresa.
*Hace referencia a las relaciones personales no establecidas por la dirección de la empresa.*

## 8. Onde veñen reguladas as condicións de traballo dunha empresa ou dun conxunto de empresas?

*¿Dónde vienen reguladas las condiciones de trabajo de una empresa o de un conjunto de empresas?*

**A** Nos convenios patronais.
*En los convenios patronales.*

**B** Nos convenios colectivos.
*En los convenios colectivos.*

**C** Nos convenios laborais.
*En los convenios laborales.*

**9.** Unha empresa fabricou 10 000 unidades de produto empregando 5 000 horas de factor traballo durante o ano 2020, mentres que no ano 2021 alcanzou unha produción de 8 000 unidades de produto empregando 4 000 horas de factor traballo. Sinale a opción correcta:

*Una empresa fabricó 10 000 unidades de producto empleando 5 000 horas de factor trabajo durante el año 2020, mientras que en el año 2021 alcanzó una producción de 8 000 unidades de producto empleando 4 000 horas de factor trabajo. Señale la opción correcta:*

**A** A produtividade do factor traballo no ano 2021 non variou con respecto ao ano 2020.
*La productividad del factor trabajo en el año 2021 no varió con respecto al año 2020.*

**B** A produtividade do factor traballo no ano 2021 aumentou con respecto ao ano 2020.
*La productividad del factor trabajo en el año 2021 aumentó con respecto al año 2020.*

**C** A produtividade do factor traballo no ano 2021 diminuíu con respecto ao ano 2020.
*La productividad del factor trabajo en el año 2021 disminuyó con respecto al año 2020.*

**10.** Cal dos seguintes criterios de valoración de existencias recomenda utilizar, con carácter xeral, o Plan Xeral de Contabilidade?

*¿Cuál de los siguientes criterios de valoración de existencias recomienda utilizar, con carácter general, el Plan General de Contabilidad?*

**A** O criterio de valoración de existencias FIFO.
*El criterio de valoración de existencias FIFO.*

**B** O criterio de valoración de existencias PMP.
*El criterio de valoración de existencias PMP.*

**C** O criterio de valoración de existencias LIFO.
*El criterio de valoración de existencias LIFO.*

**11.** Unha empresa fabrica un produto cun custo variable unitario de 25 euros e un custo fixo de 20 000 euros. Sabendo que a empresa produce e vende 4 000 unidades a un prezo de 30 euros/unidade, cal das seguintes afirmacións é a correcta?

*Una empresa fabrica un producto con un coste variable unitario de 25 euros y un coste fijo de 20 000 euros. Sabiendo que la empresa produce y vende 4 000 unidades a un precio de 30 euros/unidad, ¿cuál de las siguientes afirmaciones es la correcta?*

**A** A empresa obterá perdas, ao seren os ingresos menores que os custos.
*La empresa obtendrá pérdidas, al ser los ingresos menores que los costes.*

**B** O beneficio da empresa será nulo, ao seren os ingresos iguais aos custos.
*El beneficio de la empresa será nulo, al ser los ingresos iguales a los costes.*

**C** A empresa obterá beneficios, ao seren os ingresos superiores aos custos.
*La empresa obtendrá beneficios, al ser los ingresos superiores a los costes.*

**12.** No ámbito do marketing-mix, con cal das seguintes políticas está relacionado un cambio no envase do produto?

*En el ámbito del marketing-mix, ¿con cuál de las siguientes políticas está relacionado un cambio en el envase del producto?*

**A** Política de distribución.
*Política de distribución.*

**B** Política de promoción.
*Política de promoción.*

**C** Política de produto.
*Política de producto.*

**13.** Sinale a opción que describe a situación de máxima estabilidade financeira nunha empresa.

*Señale la opción que describe la situación de máxima estabilidad financiera en una empresa.*

**A** O activo non corrente da empresa está financiado con pasivo corrente.
*El activo no corriente de la empresa está financiado con pasivo corriente.*

**B** O activo total da empresa está financiado con patrimonio neto.
*El activo total de la empresa está financiado con patrimonio neto.*

**C** O activo corrente da empresa está financiado con pasivo corrente.
*El activo corriente de la empresa está financiado con pasivo corriente.*

**14.** Cal das seguintes fontes de financiamento forma parte do autofinanciamento de mantemento?

*¿Cuál de las siguientes fuentes de financiación forma parte de la autofinanciación de mantenimiento?*

**A** O capital social.
*El capital social.*

**B** As reservas.
*Las reservas.*

**C** As amortizacións.
*Las amortizaciones.*

**15.** Cal dos seguintes métodos de selección de investimentos pode considerarse un método estático?

*¿Cuál de los siguientes métodos de selección de inversiones se puede considerar un método estático?*

**A** Criterio do prazo de recuperación ou pay-back.
*Criterio del plazo de recuperación o pay-back.*

**B** Criterio da taxa interna de rendibilidade ou TIR.
*Criterio de la tasa interna de rentabilidad o TIR.*

**C** Criterio do valor actual neto ou VAN.
*Criterio del valor actual neto o VAN.*

**16.** Cal das seguintes situacións supón unha estratexia de integración vertical da empresa cara a adiante?

*¿Cuál de las siguientes situaciones supone una estrategia de integración vertical de la empresa hacia delante?*

**A** A fabricación de iogures por parte dun fabricante de queixo.
*La fabricación de yogures por parte de un fabricante de queso.*

**B** O cultivo de trigo por parte dunha empresa fariñeira.
*El cultivo de trigo por parte de una empresa harinera.*

**C** A elaboración e venda de embutidos por parte dunha granxa de porcino.
*La elaboración y venta de embutidos por parte de una granja de porcino.*

**17.** Sinale a resposta correcta en relación ao requisito do capital na constitución dunha empresa:

*Señale la respuesta correcta en relación al requisito de capital en la constitución de una empresa:*

**A** O capital nunha sociedade limitada está dividido en participacións e pode ser inferior a 3 000 euros.
*El capital de una sociedad limitada está dividido en participaciones y puede ser inferior a 3 000 euros.*

**B** O capital nunha sociedade anónima está dividido en accións e pode ser inferior a 60 000 euros.
*El capital de una sociedad anónima está dividido en acciones y puede ser inferior a 60 000 euros.*

**C** Non hai mínimo de capital para a constitución dunha empresa individual.
*No hay mínimo de capital para la constitución de una empresa individual.*

**18.** Como se denomina o contrato de arrendamento financeiro dun equipamento produtivo con opción a mercalo ao finalizar o contrato?

*¿Cómo se denomina el contrato de arrendamiento financiero de un equipo productivo con opción a comprarlo al finalizar el contrato?*

**A** Contrato de renting.
*Contrato de renting.*

**B** Contrato de leasing.
*Contrato de leasing.*

**C** Contrato de factoring.
*Contrato de factoring.*

**19.** Sinale a resposta correcta en relación á rendibilidade financeira:

*Señale la opción correcta en relación a la rentabilidad financiera:*

**A** A rendibilidade financeira analiza a capacidade para xerar beneficios por parte do esixible.
*La rentabilidad financiera analiza la capacidad para generar beneficios por parte del exigible.*

**B** A rendibilidade financeira analiza a capacidade para xerar beneficios por parte dos recursos propios.
*La rentabilidad financiera analiza la capacidad para generar beneficios por parte de los recursos propios.*

**C** A rendibilidade financeira analiza a capacidade para xerar beneficios por parte dos recursos alleos.
*La rentabilidad financiera analiza la capacidad para generar beneficios por parte de los recursos ajenos.*

**20.** Unha empresa pretende levar a cabo un proxecto de investimento cunha duración de dous anos. O proxecto ten un desembolso inicial de 10 500 euros; os seus fluxos netos de caixa son de 6 000 euros o primeiro ano e de 5 000 euros o segundo ano. Se a taxa de desconto é do 2 % e decide utilizar o criterio do valor actual neto (VAN), aconsellaríalle a esta empresa desenvolver este proxecto de investimento?

*Una empresa pretende llevar a cabo un proyecto de inversión con una duración de dos años. El proyecto tiene un desembolso inicial de 10 500 euros; sus flujos netos de caja son de 6 000 euros el primer año y de 5 000 euros el segundo año. Si la tasa de descuento es del 2 % y decide utilizar el criterio del valor actual neto (VAN), ¿le aconsejaría a esta empresa desarrollar este proyecto de inversión?*

**A** Sería indiferente, porque o seu VAN sería igual a cero.
*Sería indiferente, porque su VAN sería igual a cero.*

**B** Non, porque o seu VAN sería negativo.
*No, porque su VAN sería negativo.*

**C** Si, porque o seu VAN sería positivo.
*Sí, porque o su VAN sería positivo.*

# 3. Solución para as preguntas tipo test

| Nº | A | B | C | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | X | | | |
| 2 | | X | | |
| 3 | | X | | |
| 4 | | | X | |
| 5 | X | | | |
| 6 | X | | | |
| 7 | | | X | |
| 8 | | X | | |
| 9 | X | | | |
| 10 | | X | | |
| 11 | | X | | |
| 12 | | | X | |
| 13 | | X | | |
| 14 | | | X | |
| 15 | X | | | |
| 16 | | | X | |
| 17 | | | X | |
| 18 | | X | | |
| 19 | | X | | |
| 20 | | | X | |
| N.º de respostas correctas (C) | | | | |
| N.º de respostas incorrectas (Z) | | | | |
| Puntuación do test= C×0,5-Z×0,10 | | | | |

**Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0,10 puntos.**
**As respostas en branco non descontarán puntuación.**